

PAUTAS PARA ALUMNADO CON DISLEXIA

Precisan e teñen dereito a adaptacións metodolóxicas tendo en conta os seguintes aspectos:

Para o alumnado con DISLEXIA é fundamental ter en conta os seguintes aspectos:

1. Precisa dar **máis tempo para a realización de traballos/exames** ou que sexan máis curtos.
2. As **preguntas de exame escrito deben ser curtas**, de verdadeiro-falso ou tipo test para evitar a fatiga. Convén que os exames escritos non sexan a única forma de valoración. Pódense combinar con exames orais (*en lugar de preguntas que esixan redactar textos, porque ao estar pendente de expresar os contidos, dedícalle menos recursos á expresión escrita e comete máis erros ortográficos*).
3. Nos exames e demais actividades escritas de aula pódese ler os enunciados.
3. O profesorado debe **centrarse en valorarlle os traballos e exames polos contidos** e non tanto polos erros de escritura.
4. **Cómpre dar instrucións dunha en unha para evitar despistes/olvidos.**
5. **Os enunciados non deben conter máis dunha pregunta. Pódense dividir en partes.**
6. O profesorado debe **facilitarlle sempre un texto seguro para estudar, un esquema ou gráfico das explicacións de clase**, xa que tomar apuntes é algo complicado para el. Non é aconsellable deixalos estudar so, polos seus apuntes, xa que, estarán moi incompletos e terán por tanto, pouca calidade.
7. É conveniente ser flexible cando se lle esixe unha correcta escritura (ortografía, uso axeitado dos signos de puntuación), xa que son tarefas complexas para eles.
8. Require máis tempo (fatigarse máis) para organizar os seus pensamentos, facer exames, rematar traballos, copiar do taboleiro, tomar apuntes, facer deberes. **Debe procurarse que o traballo para el sexa máis lixeiro e breve**

(evitando sobrecargalo de deberes,...permitíndolle non copiar enunciados). Debemos non aumentar a súa frustración e rexeitamento.

Se ten o tempo necesario, poñerase menos nervioso e estará en mellores condicións para demostrar os seus coñecementos.

9. Debemos evitar a corrección sistemática de tódolos seus erros na escritura. Facerlle notar so aqueles sobre os que está a traballar en cada momento.

10. Non se deixará só corrixindo os seus propios ditados, xa que non recoñecerá os seus erros. Precisa do profesor para que o dirixa na observación do que realmente escribiu. Pódese facer a posteriori, despois de realizar a tarefa co profesor.

11. Cómpre realizar observacións positivas sobre o seu traballo, sen deixar de sinalar aquilo no que necesita mellorar. Debe eloxiarse sempre que sexa posible.

12. Debe evitarse comparalo con outros compañeiros/as e darlle oportunidades de que faga aportacións á clase.

13. **Evitar facerlle escribir no taboleiro** diante dos compañeiros/as, contra a súa vontade.

14. **Diminuír a frecuencia de lectura en voz alta.** Pódese acordar con el cando lerá en voz alta en clase. Evitar, nese momento darlle textos longos para ler. Ter en conta que pode que non sexa capaz de seguir o mesmo ritmo de lectura que os compañeiros.

15. Situalo cerca do taboleiro e do/a profesor/a para poder atendelo mellor e facilitar unha atención máis focalizada.

16. É preciso **comprobar sempre que o rapaz comprende o material escrito**, se non é así, debe explicárselle verbalmente.

17. As correccións poden suavizarse evitando conotacións negativas (riscarlle todo, arrincarlle a folia, sinalarlle os erros).

18. **O ritmo dos ditados deber ser lento e repetir varias veces.** Escribir e escoitar simultaneamente resulta difícil para el.

19. É importante demostrarlle que coñecemos o seu problema e que imos axudalo.

